



Proyecto Lector de centro

Curso 2018/2019

CEIP “Juan Rey” de Lourenzá

INDICE

0. XUSTIFICACIÓN E MARCO LEGAL.....

1. ANÁLISE DO CONTEXTO.....

- 1.1 ANÁLISE DO CONTEXTO DO CENTRO.....
- 1.2 ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E ESCRITURA NO CENTRO...
- 1.3 ANÁLISE DAS ESTRATEXIAS LECTOESCRITORAS E DIFICULTADES QUE ATOPAMOS
- 1.4 RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.....

1.5 NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NESTE ÁMBITO..

2. OBXECTIVOS.....

- 2.1 FINALIDADE.....
- 2.2 OBXECTIVOS XERAIS.....
- 2.3 OBXECTIVOS ESPECIFICOS PARA O EQUIPO DIRECTIVO...
- 2.4 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O EQUIPO DE BIBLIOTECA.....
- 2.5 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.....
- 2.6 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....
- 2.7 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PROFESORADO.....
- 2.8 OBXECTIVOS RELACIONADOS COAS FAMILIAS.....

3. INTERVENCIÓNS QUE COMPRE SISTEMATIZAR.....

- 3.1. INTERVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA.....
- 3.2. INTERVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA ESCRITURA.....
- 3.3. INTERVENCIÓNS DESTINADAS Á ENSINANZA DE ESTRATEXIAS DE COMPRESIÓN LECTORA.....
- 3.4. INTERVENCIÓNS DESTINADAS Á FORMACIÓN DE USUARIOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR
- 3.5. INTERVENCIÓNS DESTINADAS Á EDUCACIÓN DOCUMENTAL.....
- 3.6. INTEGRACIÓN DAS TICS.....
- 3.7. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS E DO ENTORNO.....

4. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROXECTO LECTOR

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E AOS ALUMNOS CON NEAE

0. XUSTIFICACIÓN E MARCO LEGAL

XUSTIFICACIÓN

Este Proxecto Lector pretende ser o marco xeral arredor do cal se artellen plans de traballo consensuados e coordinados, o que implica, por suposto, reflexionar en común e decidir de xeito conxunto as liñas de actuación. A integración da Biblioteca do CEIP Juan Rey de Lourenzá no Centro é un obxectivo xa conquerido o que resulta de gran importancia para levar a cabo este Proxecto xa que entendemos debe de ser considerada como fonte de recursos fundamentais que repercute nos resultados acadados no proceso de ensino e aprendizaxe. Así entendida a biblioteca escolar, constitúe un instrumento que apoia o labor docente e o proxecto curricular do centro, que xestiona toda a información (académica e cultural) e apoia outros programas coma o ensino de habilidades de información e investigación, o desenvolvemento das prácticas lectoras, a prevención de la exclusión social, a formación do profesorado, etc.

O Proxecto Lector que elaboramos é un documento que integra tódalas intervencións do Centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procura a adquisición das competencias básicas, especialmente: comunicación lingüística, competencia dixital, conciencia e expresión cultural e competencia para aprender a aprender.

MARCO LEGAL

Os preceptos legais que xustifican o noso proxecto son os seguintes:

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 106, 04/05/2006) establece...

"Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria... ao fomento da lectura e o uso de bibliotecas..." (art. 2.2)

"... as administracións educativas... fomentarán unha primeira aproximación á lectura e á escritura (art. 12.5)

"A finalidade da educación primaria é proporcionar a tódolos nenos e nenas unha educación que permita adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura..." (art.16.2)

"Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballarase en tódalas áreas" (art. 19.2)

"Co fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma" (art. 19.3)

“ As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos. Igualmente, contribuirán a facer efectivo o disposto nos artigos 19.3 e 26.2 da presente Lei” (art. 113.3)

No Título VIII dedicado a **recursos económicos...**:

" Correspóndelles ás administracións educativas prover os recursos necesarios para garantir, no proceso de aplicación desta lei: "A posta en marcha dun plan de fomento da lectura" (art. 157.1b)

O Decreto 105/2014, do de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria (DOG 132, 09/07/2007) establece..

“Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.” ...”contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro”. (art. 18)

▪

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1 ANÁLISE DO CONTEXTO SOCIO-CULTURAL-ECONÓMICO DO CONCELLO E DO CENTRO

Lourenzá é un concello ubicado en zona rural. Ocupa unha extensión de 62,83 km², dividido en catro parroquias: San Tomé, San Xurxo, San Adrao e Santa María de Vilanova, que é a capital. Pertence á comarca da Mariña Central, cunha poboación de 2.884 habitantes e presenta unha densidade de 50,10 h/Km². A súa economía baséase no sector primario, destacando os subsectores de gandería, agricultura e forestal. Sendo máis importante éste último, tanto polo enorme potencial de madeira que ten nos montes como polas industrias derivadas que están asentadas dentro dos seus límites. Na actualidade estas industrias están moi afectadas pola crise polo que se produciron despidos masivos.

Nas últimas décadas tamén cobrou gran importancia o mercado da faba, tódolos domingos na época de colleita.

En canto a servizos públicos e sociais, a localidade conta cun Centro de Saúde, atendido por dous médicos e unha A.T.S. (unha vez á semana ven unha pediatra).

Hai unha biblioteca que funciona en días laborables de 17 a 20 horas. É atendida por unha bibliotecaria. Tamén hai unha animadora cultural que organiza diversas actividades para os nenos e xoves, na casa da Xuventude. O concello conta cos servizos dunha traballadora social e unha educadora familiar.

Funcionan tres asociacións ou agrupacións, das cales unha é a Asociación Cultural “Osorio Gutiérrez” que programa diversas actividades para nenos e adultos, (entre elas a escola de música e baile tradicional), outra a “Agrupación Deportiva Lourenzá”, que oferta todo tipo de actividades deportivas e a “Asociación Amas de Casa” con actividades coma cursiños, exposicións, viaxes, etc.

Polo que respecta ás instalacións ten un pequeno parque infantil, unha piscina municipal que funciona entre xuño e setembro e un pavillón polideportivo cuberto.

- **CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

O noso Colexio “Juan Rey” está situado na saída do centro urbán e conta cun amplo recinto con valado de cemento, con zonas cubertas e canchas deportivas

É un Centro público con 9 unidades, 3 de E. Infantil e 6 de E. Primaria. Escolarízanse arredor de 120 [alumn@s](#) dende os 3 ós 12 anos.

As actividades escolares desenvólvense en xornada de mañá (de 9:20 a 14:20 horas) e as extraescolares en horario de 15.20 a 17.20.

En canto ás instalacións, o edificio consta de dúas plantas. Na planta baixa están as dependencias de: Dirección, secretaría, sala de profesores, aula de informática, aula de Apoio, Dpto. de Orientación , aula de AL, 3 aulas de E. Infantil, Biblioteca, 3 aulas de E. Primaria comedor, cociña e almacén aseos de mestres, mestras, alumnos e alumnas e baño adaptado.

Na segunda planta están as dependencias de: 3 aulas de E. Primaria, aula de Inglés, aula de música, 2 locais de laboratorio, un aula de audiovisuais e un almacén, aseos de mestres, mestras, alumnos, alumnas e 2 desvans.

Preto do edificio principal hai un galpón utilizado como ximnasio e salón de actos. Detrás deste está o pavillón polideportivo que se utiliza no horario escolar. Na parte esquerda un patio cuberto cun espazo separado para ed. Infantil

Este Centro está inscrito ao Instituto de Educación Secundaria “S. Rosendo” de Mondoñedo.

1.2 ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E ESCRITURA NO CENTRO

1.2.1 HÁBITOS LECTORES

Para levar a cabo esta análise empregamos como instrumentos de recollida de datos unha enquisa para o alumnado. Os resultados foron os seguintes:

Recollemos un total de 95 enquisas nas que a maioría dos alumnos manifestan moito(32) ou bastante(47) gusto pola lectura. A maioría le todos os días (37) ou varios na semana (47).

Todos admiten ter libros de lectura na casa, na súa maioría contos (91), comics e revistas (36 en cada caso). Dispoñen de material de consulta ; dicionarios (68), enciclopedias (29) ou acceso a internet (86). Ademáis un terzo son socios da biblioteca municipal.

Cando preguntamos pola biblioteca do colexio, 22 non ven a necesidade de ningunha mellora, 16 requiren mais libros e variedade nos mesmos.

Esta mesma cuestión preguntada ás familias, 20 non ven necesidade de mellora pero 12 pedirían máis actividades de fomento da lectura e 20 non saben ou non contestan.

1.3 ANÁLISE DAS ESTRATEXIAS LECTOESCRITORAS E DIFICULTADES QUE ATOPAMOS

Segundo os resultados das diferentes avaliacións (a externa de 3º e 6º ou as dos propios titores) as puntuacións na expresión e na comprensión escrita están lixeiramente por debaixo das esperadas para o nivel polo que vemos a necesidade de incorporar estratexias de comprensión en cada unha das áreas (interpretación de enunciados de todo tipo e para calquera tema).

Por outra parte é necesario traballar estratexias para recoller información dun texto oral e dos textos escritos en calquera tipo de soporte.

Con respecto á Práctica Docente é necesario establecer como actividade habitual o manexo de diferentes fontes de información para chegar a resolución de preguntas habituando aos alumnos a manexar os diferentes datos obtidos en función do requerimento da tarefa utilizando a información oral e escrita como como unha fonte máis facilitando estratexias de organización e recordo.

1.4 RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

O local destinado á biblioteca escolar co que conta o Centro está situado na ala esquerda da planta baixa do edificio. Ten unha extensión de 100 metros cadrados o que permite traballar cómodamente a un grupo de aula.

É un local rectangular con ventanais en tres paredes. Na parte esquerda está ubicado o material audio-visual (CDs, DVDs e vídeos) nun estante baixo. A continuación comezan as estanterías altas e abertas onde están ubicados os libros de préstamo, identificados por cores. Na parede do fondo hai 5 ordenadores conectados á impresora do centro. Tamén hai un ordenador de xestión que se utiliza, tanto para rexistrar en *Meiga* e outro auxiliar para o desenrrolo dos Proxectos. Na parte alta das estanterías está o material de consulta ordeado por materias. Na parte baixa para os alumnos máis pequenos.

Outro mobiliario co que conta este espazo son as catro mesas rectangulares de tamaño grande e dúas de tamaño pequeno, un recuncho de lectura de relax con mini sofás e alfombra. Tamén hai expositor de novidades.

A medida que vamos catalogando en *Meiga* e axeitando a biblioteca aos criterios que propón Bibliotecas Escolares de Galicia vemos que temos carencias en tres aspectos:

- Mobiliario: estanterías baixas axeitadas aos nenos de Infantil e Primaria, sofás cómodos para o recanto de lectura.

- Material audiovisual: táblets, e-books, ordenadores portátiles, accesorios de fotografía e vídeo para seguir traballando nesta liña.

- Fondos: actualizar as coleccións non só en canto aos gustos dos nenos senón á calidade literaria.

1.5 NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NESTE ÁMBITO

A maioría do profesorado necesita formación docente para trasladar ao alumnado a formación ALFIN dado que eles usan internet como fonte de información e resulta imprescindible, tanto por seguridade como por rigor, atender a unhas normas básicas no uso de fontes e dereitos de autor.

2. OBXECTIVOS

2.1 FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS

A finalidade deste proxecto podemos concretala nos seguintes obxectivos xerais que rexeran o traballo co noso alumnado:

- Desenvolver a súa competencia lectora, implementando as diferentes estratexias, antes, durante e despois da lectura.
- Favorecer a súa competencia literaria.
- Fomentar o seu hábito da lectura e traballar para que o manteñan máis alá da etapa educativa converténdoo nun elemento imprescindible para a súa madurez persoal e cultural.
- Desenvolver a súa competencia escritora ou expresión escrita cuns requerimentos básicos de coherencia, cohesión e adecuación.
- Educalos no uso crítico da información partindo de:
 - a súa formación como usuarios autónomos da biblioteca
 - a súa formación no manexo de estratexias (variadas e actualizadas) de busca de información e
 - o seu desenvolvemento de habilidades no tratamento da información: selección crítica, interpretación e respecto polos dereitos de autor.
- Ir incorporando paulatinamente as TICs tanto para a busca de información como para a elaboración de diferentes tarefas.
- Fomentar o uso da biblioteca como recurso, espazo de investigación e documentación, como elemento de compensación de desigualdades e dinamizador do Proxecto Lector.
- Implicar ás familias no fomento dos hábitos lectores e escritores dos seus fillos/as.

- Impulsar a formación do profesorado no que concirne a aqueles aspectos relacionados coas novas metodoloxías no ensino da comprensión lectora, a expresión escrita e o uso crítico da información.

2.3 OBXECTIVOS ESPECIFICOS PARA O EQUIPO DIRECTIVO

- Converter a biblioteca nun dos elementos organizadores e dinamizadores das actividades do Centro, así como no centro de recursos que centraliza e xestiona os fondos documentais existentes.
- Dotar á Biblioteca dun equipo estable de traballo con persoal e horario suficientes.
- Garantir a presenza dalgún membro do Equipo Directivo e do orientador na biblioteca.
- Apoiar a labor do Equipo de Biblioteca facilitando en todo o posible a posta en marcha das súas propostas.
- Organizar horarios e espazos para a posta en marcha do Proxecto Lector
- Coordinar ao profesorado na ensinanza da lectura e a escritura tratando de establecer criterios metodolóxicos comúns.

2.4 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O EQUIPO DE BIBLIOTECA

- Manter a biblioteca aberta nos recreos da mañá e do mediodía e facer cumprir as súas normas de funcionamento.
- Dar a coñecer a biblioteca e os seus fondos a toda a comunidade escolar, facelos visibles tamén no medio e facilitar o acceso aos seus fondos.
- Encargarse da dinamización da biblioteca deseñando actividades de:
 - formación de usuarios
 - educación documental e
 - animación á lectura
- Asesorar ao profesorado na posta en marcha destas actividades así como na xestión da Hora de Ler e das Mochilas Viaxeiras.
- Catalogar e informatizar os fondos da biblioteca.
- Xestionar e coordinar a adquisición de fondos e realizar un expurgo cada certo tempo.
- Atender as necesidades e demandas dos diferentes usuarios/as(mestres, alumnos e familias).
- Manter o noso blogue actualizado e enriquecelo con novos recursos para mestres, pais e alumnos.
- Colaborar con centros de recursos do contorno (biblioteca municipal, asociacións, centros educativos...) en actividades de fomento da lectura.

2.5 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

- Coordinar a posta en marcha, desenvolvemento e avaliación do Proxecto Lector.

2.6 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Elaborar e aplicar probas para detectar o nivel de lectura, escritura e comprensión lectora dos diferentes niveis en diferentes momentos da posta en práctica do proxecto lector.
- Analizar os resultados das probas anteriores e asesorar ao profesorado para axustar a ensinanza ao nivel de aprendizaxe do alumnado.
- Avaliar especificamente ao alumnado que presente dificultades nas probas anteriores e marcar pautas de intervención necesarias para a súa atención.
- Asesorar ao profesorado sobre hábitos, técnicas de estudo e comprensión lectora.
- Asesorar ao profesorado sobre programas específicos que fomenten a mellora da lectura, a escritura e a comprensión lectora.

2.7 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PROFESORADO

- Asumir que a competencia en comunicación lingüística non é responsabilidade exclusiva das áreas de lingua senón que implica a todas as áreas e a tódolos niveis de aprendizaxe.
- Traballar a lectura e a escrita como procesos interdependentes, paralelos e complementarios en tódolos ciclos e niveis.
- Ensinar, de forma sistemática, ao longo de toda a escolaridade, estratexias de comprensión lectora traballando con todo tipo de textos, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- Diseñar e integrar as actividades de comprensión lectora no traballo diario en todas as áreas e cursos.
- Implicar ás familias no obxectivo de potenciar o hábito lector e mellorar a comprensión lectora de seus fillos e fillas.
- Programar actividades de animación lectora e participar en todas aquelas actividades que, con este fin, se deseñen desde o Equipo de Biblioteca.
- Acudir co alumnado á biblioteca na hora estipulada no horario de cada titoría para participar nas actividades de ALFIN
- Realizar os proxectos de investigación por curso relacionado coa temática escollida pola biblioteca ou proposta en conxunto.
- Favorecer e valorar a creación literaria espontánea e creativa do seu alumnado.
- Utilizar a biblioteca como o eixe sobre o que xira todo desenvolvemento curricular do centro.

2.8 OBXECTIVOS RELACIONADOS COAS FAMILIAS

- Favorecer que os pais e nais se convertan en modelos lectores para os seus fillos/as e contribúan a estimular a lectura dos seus fillos no tempo de ocio.
- Promover a participación das familias en actividades de fomento da lectura tales como contacontos.

- Fomentar o uso da biblioteca por parte das familias para o empréstito pero tamén como centro de documentación e lugar de formación.
- Facer da biblioteca o mellor recurso para compensar as desigualdades socio-económicas que orixina a diversidade cultural deste concello.

3. INTERVENCIÓNS QUE COMPRE SISTEMATIZAR

3.1. INTERVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA

- HORA DE LER

No noso centro están establecidos 30 minutos diarios de lectura segundo a organización persoal de cada titor.

A biblioteca entrega a tódalas titorías, as coleccións seleccionadas para cada nivel e trimestre, a xestión das bibliotecas de aula pasan a ser responsabilidade do titor, que debe asegurarse de cambiar os documentos por outros coa regularidade necesaria para fomentar o interese e o hábito lector dos seus alumnos.

Esta sesión inclúe as seguintes posibilidades:

- *Lectura Silenciosa e Libre*: cada neno/a elixe a lectura que desexa de forma libre e le en silencio autonomamente. (É imprescindible que os alumnos vexan ao mestre/a facer o mesmo).
- *Lectura Compartida e Guiada polo mestre*: tódolos rapaces len o mesmo libro guiados polo mestre. Este tipo de lectura é moi interesante cando se trata de traballar lecturas con certo nivel de complexidade (xa sexa por un vocabulario complicado ou por ser un tipo de texto que aínda non coñezan) que precisan da guía e apoio do mestre.
- *Lectura en voz alta por parte do mestre*: o mestre escolle a lectura e lea en voz alta para o seu alumnado aproveitando para servir de modelo lector correcto e traballar a entoación e a expresividade.
- *Lectura en voz alta por parte dun alumno*: un alumno/a escolle e prepara unha lectura para lerlla en voz alta aos seus compañeiros.
- *Lectura dramatizada*: o alumnado le unha obra de teatro de forma colectiva adxudicando a cada neno un personaxe.

- ANIMACIÓN Á LECTURA

- Booktuber.- Cada alumno pode facer un comentario para que sirva de recomendación a outros. Ao tempo que serve de motivación para o que publica a súa opinión, tamén serve de animación á lectura dos que ven o comentario.

- Tempo de ler...de medo, de flores, de aventuras, etc.- Exposición temática en cada celebración, nas diferentes épocas (en halloween, lecturas de medo por

exemplo) ambientando o recanto e seleccionando ou adquirindo os libros e materiais de lectura axeitados.

- Bibliopasillos e bibliopatio.- Os alumnos de 6º, bibliotecarios auxiliares, reparten en diferentes carriños de cores as lecturas axeitadas a cada idade e van polos diferentes pasillos ofertando lecturas nos vinte minutos do tempo en que se agarda a que toque o timbre de entrada. O mesmo se fai no patio, cando fai bo tempo, cunhas esterías para sentarse na herba.

- **MOCHILAS VIAXEIRAS**

O obxectivo das mochilas é fomentar a lectura en familia e lograr que valoren o compartir os momentos de lectura cos seus fillos. O lema é “Se ti les, eles len”.

Hai unha mochila viaxeira para cada aula que permanece no domicilio de cada alumno durante 15 días. As quendas do alumnado son determinadas polo/a titor/a en función das necesidades e asistencia do alumnado.

Os criterios para a selección dos materiais que se incluírán en cada mochila serán os seguintes:

- Literatura infantil para o neno seleccionado en función dos seus intereses e gustos.
- Literatura axeitada a idade dos posibles irmáns.
- Literatura para adultos para os seus pais.
- Revista infantil axeitada á idade.
- Revista para pais.
- Libros informativos axeitados á idade e intereses.
- Un disco.
- Unha película.
- Un documental.

Cada mochila incluírá un caderno viaxeiro no que as familias e os rapaces poderán recoller as súas impresións sobre esta actividade.

Será cada titor quen debe encargarse de seleccionar os materiais da mochila da súa aula e de elaborar o inventario correspondente e comprobar que non se perde ningún documento. Polo tanto, a xestión desta actividade é responsabilidade dos titores, aínda que recibirán asesoramento do Equipo de Biblioteca.

- **CONACONTOS DE AVOS**

Os avós non só lles len contos de bo grado, tamén son grandes coñecedores de historias que son a mellor invitación para que o neno amplíe e se estimule no mundo da literatura e da historia do seu pobo.

- VISITAS DE AUTORES.

Propoñeremos aos alumnos ao longo do curso un libro que sexa primeira edición e con boas críticas. Eses libros son un fondo bibliográfico actual que suponen un estímulo máis para os nenos e favorecen o interese do autor por estar en plena promoción. Todas estas circunstancias resultan importantes na actividade de coñecer ao autor e consultarle dúbidas ou suxerencias .

3.2. INTERVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA ESCRITURA E LINGUAXES MÚLTIPLES

- LINGUAXES MÚLTIPLES

- Letras Galegas.-, trabállase a biografía e obra do autor facendo o traballo documental dende a biblioteca e elaborando os diferentes documentos e publicacións en todos os formatos posibles:
 - Recollida de información
 - Organización para a ilustración
 - Montaxe en diferentes soportes: comic, mural, vídeo e narración.
- Libro Xigante da Poesía.- Ilustración de poemas e Xogos florais no patio recollendo todos os traballos, aproveitando os libros para reciclar e publicando un libro xigante.

- CONCURSOS LITERARIOS CON OUTRAS INSTITUCIÓN

Dende a biblioteca e as diferentes titorías, facilitarase información, espazo, medios e soporte dixital para que se participe nos concursos adaptados ás idades e ao currículo.

- CONCURSOS DE ILUSTRACIÓN

Facilitarase información, espazo, medios e soporte dixital para que se participe e formación para os alumnos en programas de debuxo e comic.

- RECUNCHO DE ESCRITURA E CREACIÓN

Todos os alumnos do centro poden escribir e crear contos, historias, cómic, guións de cine, telexornal, tanto en papel como en formato dixital. Os alumnos dende 3º de E.P. poderán utilizar os ordenadores da biblioteca para este fin sempre que o desexen co asesoramento dun membro do Equipo de Biblioteca..

- AVOZ DE FABOLA

Dende a biblioteca, publícase anualmente , coincidindo coa Semana da Prensa un xornal onde os alumnos contan unha nova da súa clase. Previamente ensaiase nun programa de edición de xornal as diferentes posibilidades e finalmente, tamén se publica en papel.

3.3. INTERVENCIÓNS DESTINADAS Á ENSINANZA DE ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN LECTORA

Para ler de forma eficaz, os nosos alumnos deberán empregar unha serie de habilidades ou estratexias que lle axuden a construír os significados que aporta o escrito de xeito que mellore as súas coimpetencias, aplicándo os coñecementos aprendidos en situacións e en contextos diferentes.

A nosa función será proporcionar e ensinar ao noso alumnado estratexias que lle permitan:

- Comprender os propósitos explícitos e implícitos da lectura.
- Activar e aportar á lectura os coñecementos previos pertinentes para o contido do que se trate.
- Dirixir a atención ao que resulta información esencial que o texto proporciona e que información pode considerar pouco relevante.
- Elaborar e probar inferencias de diverso tipo, como interpretacións, hipóteses, predicións e conclusións.

Para traballar cos alumnos estas habilidades, cómpre que distingamos tres momentos claves:

a) ACTIVIDADES ANTES DA LECTURA

- *Motivar para a lectura:* Ler é sobre todo unha actividade voluntaria e pracenteira, e ensinar a ler debe ter isto en conta.

- *Identificar o obxectivo da lectura:* O obxectivo ou finalidade co que o lector se enfrenta a un texto determina o tipo de estratexias que este debe aplicar para conseguir a comprensión do texto. Podemos ler par obter unha información precisa, ler para seguir instrucións, ler para obter unha información de carácter xeral, ler para aprender, ler para

revisar un escrito propio, ler para comunicar un texto a un auditorio, ler para practicar a lectura en voz alta e ler para dar conta do que se aprendeu.

- *Activar os coñecementos previos*: Tamén é necesario axudar aos alumnos a fixarse en determinados aspectos do texto que poidan activar o seu coñecemento previo, como as ilustracións, os títulos, os cambios de tipografía, palabras clave. Debemos fomentar un pequeno debate no que os rapaces

verbalicen os coñecementos que teñen sobre a temática da lectura.

- *Establecer predicións sobre o texto*: Animaremos aos alumnos a formular hipóteses sobre cal podería ser o título do texto, que ilustracións cabería esperar, cal será a estrutura do texto.

- ACTIVIDADES DURANTE A LECTURA

- *Verificación das hipótesis*: As predicións e hipóteses formuladas polos nosos alumnos teñen que atopar verificación no texto para que se produza a comprensión.

- *Control da comprensión*: Os lectores competentes non só comprenden, senón que ademais saben cando non comprenden e polo tanto poden levar a cabo accións que lles permitan solucionar unha posible lagoa de comprensión.

- *Solución de problemas de vocabulario*: Durante a lectura deberán ser capaces de resolver problemas de vocabulario utilizando o contexto, sen ter que ir continuamente a un diccionario.

- ACTIVIDADES POSTERIORES Á LECTURA

- *Recoñecer a estrutura do texto segundo a tipoloxía*: Traballamos as diferentes tipoloxía dos textos (narrativo, expositivo..) recoñecendo as partes (principio, desenvolvemento, tema, subtemas, etc) e a información contida en cada unha para facilitar o recordo e para facilitar a elaboración de resumos e esquemas de contido.

- *Recoñecer a idea principal*: Ensinar a distinguir a idea principal dun texto non é tarefa fácil. O primeiro que debemos ensinar é a identificar a mensaxe e os "adornos" nun párrafo curto o que require ensinar o proceso contrario: escribir mensaxes concretas e curtas e ir "adornando" con detalles prescindibles para facer evidente que a primeira mensaxe escrita é a que comunica a idea principal que queremos dar e o resto podemos eliminalo.

- *Recoñecer mensaxes non explícitas*: Comezando polas preguntas de resposta literal iremos complicando máis as cuestións facendo preguntas que non se respondan directamente no texto senon que haxa que inferir a resposta a partir de do que din os personaxes e o que nós sabemos da realidade.

- *Facer unha lectura crítica*: plantexando preguntas de elaboración persoal que requiran da opinión persoal do lector; traballar con textos que formulen un problema e que os alumnos teñan que propoñer diferentes solucións; traballar con textos que expoñan problemáticas sociais ante os cales os alumnos teñan que ofrecer a súa visión persoal; traballar con textos que expoñan situacións nas que os alumnos teñan que poñerse na pel dos protagonistas ou nas situacións relatadas.

3.4. INTERVENCIÓNS DESTINADAS Á FORMACIÓN DE USUARIOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- PARA O ALUMNADO EN XERAL

O alumnado do centro, dependendo do nivel escolar, asiste co profesor titor para realizar actividades as seguintes actividades de formación:

a) **Buscar información na biblioteca**

- Coñecer o sistema de organización adoitado na nosa biblioteca para os fondos de ficción: prelectores, primeiros lectores, lectores autónomos, lectores expertos, lectores adultos.
- Coñecer o sistema de funcionamento e de organización da biblioteca: CDU e o seu manexo.
- Localizar, seguindo a CDU, distintos materiais na biblioteca.
- Consultar o catálogo MEIGA de títulos, autores e materias.
- Buscar todos os materiais existentes sobre un tema concreto na biblioteca.

b) **Localizar a información nos documentos.**

- Distinguir las obras de consulta o de referencia del resto de los libros informativos.
- Coñecer os distintos tipos de obras de referencia ou consulta: distintos tipos de dicionarios e enciclopedias, atlas, anuarios, biografías, obras informativas periódicas (periódicos, revistas), obras audiovisuais (CDRoms, DVDs)
- Coñecer os recursos de organización e presentación dos coñecementos dun libro informativo: índices ou sumarios, bibliografías, glosarios, cronoloxías, notas á pé de páxina, esquemas, sinopses, imaxes, pés de imaxe, prefacios, introducións, prólogos, etc...
- Coñecer as estratexias básicas de busca en internet: buscadores.

c) **Coñecer e utilizar axeitadamente a distinta fontes de información.**

- Avaliar a idoneidade da fonte de información en función do que se investiga.
- Contrastar a información obtida en distintas fontes.

- Desenvolver o sentido crítico ante a información.
- d) Coñecer o proceso de fabricación dun libro e as súas partes.**
- e) Empregar autonomamente o sistema de empréstito da biblioteca.**
- f) Desenvolver o gusto pola lectura.**
- g) Respectar as normas**

- ALUMNADO AUXILIAR-COLABORADOR

O alumnado de 6º será todos os anos o alumnado colaborador para realizar as seguintes funcións:

- Empréstito e rexistro de fondos, sempre baixo a supervisión dun mestre do Equipo de Biblioteca.
- Encargados da selección, reparto, recollida e custodia dos fondos do bibliopasillo.

3.5. INTERVENCIÓNS DESTINADAS Á EDUCACIÓN DOCUMENTAL E INTEGRACIÓN DAS TICS

Chamamos Educación Documental ou Alfabetización Informacional (ALFIN) ás intervencións que fomentan un conxunto de habilidades que capacitan aos alumnos para localizar, organizar, avaliar e utilizar con eficacia e ética a información requirida.

A maioría destas habilidades básicas xa se deben traballar dende os primeiros niveis da escolaridade:

- Saber identificar as necesidades de información.
- Saber que tipo de fontes de información, que tipo de documento ou recurso contén previsiblemente os datos que se precisan.
- Saber chegar a esa fonte de información, ser usuario eficaz dunha biblioteca real ou virtual e dos diferentes tipos de documentos que nela se poden atopar.
- Coñecer a forma en que están relacionados os diferentes medios de comunicación e fontes de información posibles.
- Obter con eficacia e no menor tempo posible os datos que se precisan, asociando o que se sabe cos novos datos, para obter unha información máis completa, máis significativa. Facer unha lectura comprensiva dos textos en función do obxectivos e as finalidades.
- Reelaborar esa información obtida e empregala para cubrir a necesidade que se presenta.

- PROXECTOS

A Educación Documental implica un cambio na metodoloxía de ensino na liña do traballo por proxectos ou tarefas. No noso centro pretendemos escoller unha ou varias temáticas que se adaptan aos diferentes programas nos que se participa de xeito que o traballo de ALFIN se realiza de xeito integrado no traballo diario.

Trátase dunha metodoloxía interdisciplinar no que se inclúen actividades de fomento da lectura, busca documental e traballo curricular e que estará integrado dentro do PLAN ANUAL DE LECTURA en cada curso. Dependendo da profundidade de tratamento e a extensión dos contidos traballados, poderá ter unha duración que oscilará entre un mes ou todo o curso escolar.

Estes proxectos implicarán:

- Coñecer as distintas linguaxes e soportes de información (textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro)
- Coñecer as distintas fontes de información e o seu manexo.
- Seleccionar a fonte e o soporte de información axeitados ao tema que estou investigando
- Empregar para a selección da información recollida criterios claros de veracidade, fiabilidade, obxectividade, legalidade e ética.
- Clasificar, organizar e almacenar a información seleccionada en función das necesidades do produto final.
- Reflexionar sobre a información recollida
- Presentar o resultado aténdose ás normas das múltiples linguaxes utilizadas.
- Revisar o traballo para realizar posibles correccións e decidir o soporte
- (en papel o en dixital) no que será editado.
- Citar as fontes de información respectando sempre os dereitos de autor.
- Expoñer ao público o produto final.

- INTEGRACION DAS TICS NA BIBLIOTECA

As tecnoloxías, e moito máis nos últimos anos, van adquirindo unha importancia capital no funcionamento das bibliotecas, e afrontar o reto organizativo e didáctico que supoñen é, ao noso entender, unha das chaves para o futuro das mesmas.

Na nosa biblioteca abordamos a súa incorporación desde catro perspectivas diferenciadas:

- **Xestión informatizada dos fondos**

Os fondos bibliográficos do centro están sendo catalogados co programa MEIGA. Este permite consultar o catálogo da nosa biblioteca desde calquera ordenador e calquera lugar do mundo.

- **Blogue da biblioteca**

No blogue da biblioteca, a comunidade educativa terá acceso a todas as actividades que se vaian organizando desde a biblioteca. Ademais, expoñerá todo tipo de recursos dixitais e audiovisuais ao servizo do profesorado e do alumnado para traballar as distintas temáticas que vaian xurdindo ao longo do curso.

- **Acceso a internet**

Na biblioteca temos doce ordenadores con acceso a internet que se encontran a disposición dos usuarios para a súa utilización como fonte de información para os traballos de aula durante os recreos e unha sesión quincenal por nivel para os proxectos.

- **Recursos audiovisuais**

A biblioteca conta con cámara de vídeo cunha aula dotada de encerado dixital, canón proxector e equipo informático portátil con conexión a internet onde se realizan actividades de exposición de presentación ou visionado de películas ou documentais e outros recursos didácticos.

Ademais todas as aulas teñen esta mesma dotación (algunhas con pantalla branca en lugar de pizarra dixital).

3.6. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS E DO ENTORNO

- JUAN REY ONTE, HOXE E MAÑÁ

Unha aula auxiliar da biblioteca vai ser de uso para adultos tanto pais como outras persoas. Sería unha alternativa ao expurgo masivo intentando dar un servicio a familias ou ex alumnos habilitando un lugar de consulta que permite, tamén que os máis pequenos compartan coas familias a actividade de lectura e uso da biblioteca.

4. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROXECTO LECTOR

Para a avaliación do noso proxecto lector temos que basearnos na recollida de información de fontes como:

- A observación
- As conclusións extraídas (incidencias, fracasos, éxitos) das postas en común das diferentes reunións dos Equipos docentes, do Equipo de Biblioteca, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, do Claustro, do Consello Escolar.
- A través de cuestionarios e probas, algúns deles deseñados por nós (algúns dos cales xa foron aplicados para a avaliación inicial que nos serviu de punto de partida para a elaboración do presente proxecto lector).

Destacamos tres momentos:

- *Avaliación inicial* do que se está facendo no centro e que será referencia para deseñar o Plan Anual do próximo curso e ir axustando ou modificando este Proxecto Lector de referencia.

- *Ao longo de cada curso*, despois de determinadas intervencións ou actividades realizadas e despois das diferentes avaliacións trimestrais.

- *Ao final de cada curso*. Momento especialmente importante será o remate do curso xa que se fará unha reflexión e análise xeral partindo da memoria do curso anterior da biblioteca e dos diferentes órganos e titores. de todo o plan anual de lectura e servirá de O peso da avaliación do Proxecto Lector, en todo caso, recaerá sobre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E AOS ALUMNOS CON NEAE

A atención aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo esixe propostas específicas neste Proxecto, no noso centro contamos con 14 alumnos con diversas necesidades específicas de apoio educativo.

Corresponderá ao profesorado de cada ciclo e nivel, asesorado polo Departamento de Orientación, escoller as estratexias máis axeitadas para que cada un supere as súas dificultades, proponendo actividades amplas nas que se poidan integrar todas as diferencias para desenvolverse nun marco de integración co resto do alumnado.

A metodoloxía de aprendizaxe mediante proxectos permite realizar diferentes actividades adaptadas a cada unha das necesidades e ritmos de aprendizaxe.

Por outra parte existe un colectivo importante de alumnado procedente ca comunidade marroquí, que presenta aspectos diferenciais en canto a motivación e tamén na dispoñibilidade de recursos de acceso á documentación e á aprendizaxe polo que a biblioteca ten a función de mecanismo de compensación de desigualdades. No horario de recreo despois do comedor a biblioteca permanece aberta e atendida por un profesor para facilitar ese servizo.

ANEXO



ENQUISA: A NOSA BIBLIOTECA

(Marca cun x no que corresponda)

1. Gústache ler?

- Moito
- Bastante
- Pouco
- Nada

2. Canto tempo adicas á lectura na casa?

- Todos os días un pouco
- Algún día na semana
- Só os fins de semana
- Algún día no mes

3. Tes libros de lectura na túa na casa?

- si
- non

4. De que tipo?

- contos
- comics
- poesía
- revistas
- xornais

5. Que téis na túa casa para buscar información?

- Dicionarios
- Enciclopedias
- Libros de consulta
- Internet

6. Eres socio ou socia dalgunha biblioteca ademais da do cole?

- Si
- Non

7. Como alumno ou alumna que cres que debería mellorar na biblioteca do cole?

8. Como pai/nai que propós para mellorar a biblioteca do centro?
